

RESUMO DA XUNTANZA DE UGT COA XERENCIA DE SEAGA

Santiago de Compostela 27/10/2022

Onte mantivemos unha xuntanza coa xerencia da empresa na que se trataron, entre outras, as seguintes cuestións:

OPE DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO:

Tendo en conta que a negociación no ámbito da Mesa Xeral aínda está sen rematar e que como é lóxico debemos esperar a ver como remata para poder concretar as especificidades que se deben negociar logo con SEAGA, UGT solicita que:

- A empresa aporte os datos necesarios para o **análise dos postos** e así poder concretar os afectados polo procedemento de **concurso** e, de ser o caso, aqueles que eles interpretan que deben ir a concurso-oposición. Entendemos que debe estar xustificado cada un dos supostos, de existir o segundo, cuestión que poñemos en dúbida.
- Sobre as bases das convocatorias e esperando a ver como transcorre todo, formularemos aquelas alegacións que beneficien ao persoal e que permitan acadar os obxectivos que transmite a Lei 20.
- Tendo en conta que a **foto final dos postos a marca a data de entrada en vigor da Lei**, é dicir o 31 de decembro de 2021, tal e como xa temos formulado en demanda, os contratos das 18 persoas que estaban en contrato de todo o ano deben ser publicados, de conformidade coa DA 8ª, nos mesmos termos na convocatoria que se realice e os inclúa.

A empresa recolle as peticións manifestando que estarán ao que se determine por parte da DX da Función Pública.

OPE EXTRAORDINARIA DO 2022:

No día de onte remitiu a DX da Función Pública unha convocatoria de Mesa Xeral Extraordinaria para o día 28, con único punto da orde do día ao respecto dos criterios da nova oferta de Emprego Público extraordinaria do 2022 relativa a determinados entes da Xunta de Galicia, entre os que está SEAGA.

A empresa confirmou que Función Pública solicitou datos para a realización da dita **Oferta sobre os postos novos**, derivados do novo cadro de persoal aprobado.

CHAMAMENTOS:

Tendo en conta que existe un **acordo aprobado** polas Organizacións Sindicais na **Mesa de Diálogo**, que regula os chamamentos a realizar pola empresa, UGT considera que este acordo **debe de desenvolverse** máis polo miúdo en determinados aspectos, como pode ser, entre outros, a cuestión dos **ámbitos** en distritos limítrofes acoutando un número de quilómetros máximo, incluír un **prazo mínimo entre chamamentos**, no caso de ser rexeitado sen penalización.

Solicitamos que tamén se **extrapole aos chamamentos de obra a renuncia por unha soa vez**, sen penalización.

Admiten a proposta de que na Comisión de Seguimento se analice e desenvolva o Acordo.

PRORROGA DO CONVENIO DE FANXAS COA FEGAMP:

Dado que a **Consellería anunciou unha na súa web**, o pasado 8 de xullo, que Xunta e FEGAMP **“comparten a necesidade de prorrogar o convenio de protección das aldeas ao constatar o seu bo funcionamento desde a sinatura en 2018”**, UGT interesa o **coñecemento do estado desa prórroga** polas implicacións que ten na contratación de persoal. Urximos que se asine á maior brevidade posible ao fin de que as persoas contratadas podan continuar coa vinculación á empresa para o desenvolvemento dos traballos.

CUESTIÓNS SALARIAIS:

A igual categoría, igual traballo, e iguais funcións e tarefas corresponde igual salario. Non é de recibo que o persoal temporal non estea a percibir o mesmo salario que os seus compañeiros indefinidos non fixos, descontínuos, etc.

UGT solicita retomar a **negociación das táboas salariais**, no punto en que quedou estancado porque algunha organización se opuxo a continuar negociando... hoxe o persoal xa estaría percibindo o complemento de antigüidade ou **trienios**.

